

Luns, 30 de decembro de 2019

Núm. 248

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **MUNICIPAL**

#### **FORNELOS DE MONTES**

##### **Ordenanzas e Regulamentos**

###### *APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA*

### *E D I C T O*

Ó non se ter presentado ningunha reclamación ó acordo do Pleno do Concello de data 31 de outubro de 2019 polo que se aproba provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal do IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA e a fixación dos elementos regulados naquela, dito acordo elévase automaticamente a definitivo, podendo interpoñer contra o mesmo, os interesados lexítimos de conformidade co disposto no Art. 19.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobada por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece a Lei reguladora de dita xurisdicción.

O texto da ordenanza fiscal aprobada é o seguinte:

#### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA**

##### *ARTIGO 1.*

1. De conformidade co establecido no art. 59 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica e un tributo de imposición obrigatoria que se esixirá de acordo con dita Lei e as disposicións que a desenvolven.

2. O amparo do disposto no art. 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Concello de Fornelos de Montes procede a aprobar a presente Ordenanza Fiscal que ten por obxecto regular aqueles aspectos que a Lei remite a súa determinación por parte da Corporación.

##### *ARTIGO 2.*

2.1.—O Imposto esixirase con arranxo o cadro de tarifas establecido no artigo 95.1 texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, incrementadas nun 15%.



Luns, 30 de decembro de 2019

Núm. 248

## *CUOTA ANO*

### *1 Turismos: Euros*

- 1.1 De menos de 8 cabalos fiscais : 20,00
- 1.2 De 8 ata 11,99 cabalos fiscais: 50,00
- 1.3 De máis de 12 ata 15,99 cabalos fiscais: 90,00
- 1.4 De máis de 16 ata 19,99 cabalos fiscais: 130,00
- De 20 cabalos fiscais en adiante : 150,00

### *2 Autobuses:*

- 2,1 De menos de 21 prazas : 110,00
- 2,2 De 21 a 50 prazas : 155,00
- 2,3 De máis de 50 prazas : 195,00

### *3 Camións:*

- 3,1 De menos de 1.000 kg. de carga útil: 55,00
- 3,2 De 1.000 a 2.999 kg. de carga útil : 110,00
- 3,3 De máis de 2.999 a 9.999 kg. de carga útil : 155,00
- 3,4 De máis de 9.999 kg. de carga útil : 195,00

### *4 Tractores:*

- 4,1 De menos de 16 cabalos fiscais : 25,00
- 4,2 De 16 a 25 cabalos fiscais : 35,00
- 4,3 De máis de 25 cabalos fiscais: 110,00

### *5 Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:*

- 5,1 De menos de 1.000 e máis de 750 kg. de carga útil : 25,00
- 5,2 De 1.000 a 2.999 kg. de carga útil: 35,00
- 5,3 De máis de 2.999 kg. de carga útil : 110,00

### *6 Outros vehículos:*

- 6,1 Ciclomotores. : 6,00
- 6,2 Motocicletas ata 125 c.c. : 6,00
- 6,3 Motocicletas de máis de 125 c.c. ata 250 c.c. : 10,00
- 6,4 Motocicletas de máis de 250 c.c. ata 500 c.c. : 20,00
- 6,5 Motocicletas de máis de 500 c.c. ata 1.000 c.c. : 40,00
- 6,6 Motocicletas de máis de 1.000 c.c. : 80,00



Luns, 30 de decembro de 2019

Núm. 248

2.2.—Para aplicación da tarifa anterior teranse en conta as seguintes regras:

a) O concepto das diversas clases de vehículos relacionados na tarifa será o recollido na orde de 16 de xullo de 1984.

b) Entenderase por “furgoneta” o resultado de adaptar un vehículo turismo a transporte mixto de persoas e cousas mediante a supresión de asentos e cristais, alteración de tamaño ou disposición das portas ou outras alteracións que non modifiquen esencialmente o modelo de que se deriva.

c) As furgonetas, vehículos mixtos, todo terreo, derivados de turismo, mixtos adaptables, mixtos todo terreo, furgoneta mixta, furgón mixto adaptable e similares destinados a transporte mixto de persoas e cousas, tributarán como turismo con arranxo a súa potencia fiscal agás nos seguintes casos:

c.1.—Se o vehículo está habilitado para transporte de máis de 9 persoas tributará como autobús.

c.2.—Se o vehículo está habilitado para unha carga útil superior a 750 kg tributará como camión.

c.3.—Se o titular do vehículo estivese de alta en epígrafe do imposto sobre actividades económicas correspondente a unha actividade que esixa ou comporte un destino preponderante de transporte de carga, tributará como camión aínda que a carga útil do vehículo fose inferior a 750 kg.

d) Os motocarros terán a consideración, a efectos deste imposto, de motocicletas e, polo tanto, tributarán por cilindrada, sempre que a súa tara non exceda de 400 kg, noutro caso tributarán como camión.

e) Os vehículos articulados tributarán simultaneamente e por separado o que leve a potencia de arrastre e os remolques e semirremolques arrastrados.

f) As máquinas autopropulsadas que poidan circular pola vía pública sen seren transportadas ou arrastradas por outros vehículos de tracción mecánica tributarán polas tarifas correspondentes a tractores, quedando comprendidos entre estes os tracto-camións e os tractores de obras e servicios.

3.—A potencia fiscal do vehículo determinarase de acordo co disposto no artigo 260 do Código de circulación, onde se establece que, en calquera caso, a potencia fiscal do motor a consignar pola Delegación da Consellería de Industria no certificado de características técnicas do vehículo será a que resulte de aplica-la fórmula correspondente segundo o tipo de motor expresada con dous decimais aproximados por defecto.

4.—Nos casos en que consten na tarxeta de inspección técnica dous valores distintos para MTMA (peso técnico máximo autorizado) e MMA (peso máximo autorizado) respectivamente, aplicarase a efectos da tarifa o valor que corresponda a MMA indicador do maior peso en carga con que se permite a circulación, conforme ó indicado no código da circulación.



Luns, 30 de decembro de 2019

Núm. 248

5.—No caso de remolques e semirremolques que pola súa capacidade non veñan obrigados a ser matriculados, consideraranse como aptos para a circulación dende o momento en que se expediu a certificación correspondente polo organismo competente ou, no seu caso, cando realmente estean en circulación.

6.—As máquinas autopropulsadas que poidan circular polas vías públicas sin ser transportadas ou arrastradas por outros vehículos de tracción mecánica tributarán polas tarefas correspondentes ós tractores.

### *ARTIGO 3. NORMAS DE XESTIÓN*

1. O instrumento acreditativo do pago deste imposto será a carta de pago debidamente diligenciada de haberse producido o ingreso da cota na Tesourería Municipal ou en algunha Entidade Colaboradora para a xestión de tributos.

2. Para solicitar na Xefatura Provincial de Tráfico a matriculación, a certificación de aptitude para circular ou a baixa definitiva dun vehículo, o interesado deberá acreditar previamente o pago do imposto mediante a presentación do instrumento acreditativo mencionado no número anterior.

3. Poderase establecer a obrigaón do suxeito pasivo de autoliquidar a súa debeda tributaria, utilizando os impresos que, con este fin, dispoña a Administración Municipal.

4. No caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para circular, o pago das cotas anuais realizarase dentro do prazo establecido polo organismo encargado da recadación en cada exercicio económico

5. Non será necesaria a notificación expresa das modificacións reflectidas na Matrícula anual do Imposto, cando estas proveñan de declaracións, documentos ou impresos presentados polo obrigado tributario ou o seu representante, agás que se modifícase o consignado nos mesmos.

### *ARTÍCULO 4. EXENCIONES E BONIFICACIONES*

1. Exencións. Estarán exentos do imposto:

1.1.—Os vehículos oficiais do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadá.

1.2.—Os vehículos de representacións diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados e a condición de reciprocidade na súa extensión e grado. Así mesmo, os vehículos dos Organismos Internacionais con sede ou oficina en España e os dos seus funcionarios ou membros con estatuto diplomático.

1.3.—As ambulancias e demais vehículos directamente destinados á asistencia sanitaria que pertencen á “Cruz Vermella”.



Luns, 30 de decembro de 2019

Núm. 248

1.4.—Os coches de minusválidos e os adaptados para a súa condución por persoas con discapacidade física sempre que a potencia sexa inferior a 14 ou 17 cabalos fiscais e pertencen a persoas minusválidas ou discapacitadas fisicamente con un grado de minusvalía inferior ó 65% ou igual ou superior ó 65%, respectivamente. En calquera caso, os suxeitos pasivos beneficiarios desta exención non poderán gozala por máis dun vehículo simultaneamente.

Para os efectos deste apartado consideraranse:

\* Coche de minusválido: aquel automóbil con taxa non superior a 300 kg. E que pola súa construción non pode alcanzar en chan unha velocidade superior a 40 km/hora, proxectado e construído especialmente -e non meramente adaptado- para o uso dunha persoa con algunha disfunción ou incapacidade física.

\* Coche adaptado para a súa condución:

aquel vehículo que, tendo sido construído en serie, sufrira modificación nalgún dos seus mecanismos tales como: acelerador en pé esquerdo, freo de pé en volante, acelerador á altura das mans, etc., para poder ser conducido por diminuídos físicos e contan tales reformas no apartado “reformas autorizadas” da ficha técnica do vehículo homologada polo organismo competente.

\* Igualmente, considerárase vehículo adaptado aquel que fabricado con aplicación de novas tecnoloxías, faculte a súa condución por persoas diminuídas físicas, tales como vehículos automáticos sen pedal de embrague e sempre que conste esta circunstancia no permiso de conducir do titular do vehículo.

\* Persoa con minusvalía ou discapacitada fisicamente:

quen teña esa condición legal en grado igual ou superior ó 33% de acordo co baremo da disposición adicional segunda da Lei 26/1990 de 20 de decembro, pola que se establecen na Seguridade Social, prestacións non contributivas. Para poder gozar, esta exención deberá solicitarse nos termos que se indican no artigo seguinte:

1.5.—Os vehículos que, tendo unha potencia inferior a 17 cabalos fiscais, estean destinados a seren utilizados como auto-turismos especiais para o transporte de persoas con minusvalía en cadeira de rodas, ben directamente ou previa adaptación, circunstancias que deben quedar reflectidas na ficha técnica de vehículo homologada polo organismo competente.

Para os efectos do disposto neste apartado, consideraranse persoas con minusvalía quen cumpran as condicións sinaladas no último parágrafo do apartado 1.4 anterior.

Para o goce da exención prevista neste apartado será preciso xustificar o cumprimento simultáneo das seguintes condicións:

a) Que o vehículo sexa un autoturismo especial en exclusiva ó transporte de persoas con minusvalía en cadeira de rodas.



Luns, 30 de decembro de 2019

Núm. 248

b) Que o titular do vehículo non estea suxeito ó imposto sobre actividades económicas por actividade principal ou complementaria que teña relación co transporte de persoas ou que, estando suxeito, por estas actividades, resultase exento por aplicación da Lei 30/94 de Fundación e Incentivos fiscais á participación privada en actividades de interese xeral.

1.6.—Os autobuses urbanos adscritos ó servizo de transporte público en réxime de concesión administrativa outorgada polo municipio de imposición.

1.7.—Os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos da Cartilla de Inspección Agrícola.

2. Bonificacións. Gozarán dunha bonificación do 50% da cota do imposto:

2.1.—Os vehículos con antigüidade mínima de 25 anos contados a partir da data de fabricación.

Se esta non se coñecera, tomarase como tal á da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data en que o correspondente tipo ou variante deixara de fabricarse.

2.2.—Os vehículos catalogados como “históricos” polo organismo competente.

#### *ARTIGO 5.—PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DE BENEFICIOS FISCAIS*

Os efectos de acreditación da antigüidade, se non se puidera acreditar a data de fabricación, o prazo contarase desde a primeira matriculación ou, no seu defecto, dende a data en que o correspondente tipo ou variante deixouse de fabricar.

A concesión de beneficios fiscais tramitarase á solicitude dos suxeitos pasivos a partir da entrada en vigor da Ordenanza que os regule e producirá efectos para o exercicio seguinte a aquel en que se formule a solicitude.

Os suxeitos pasivos ou os seus representantes poderán solicita-la concesión da bonificación acreditando a data de fabricación ou primeira matriculación por medio de copia compulsada da ficha técnica, o permiso de circulación do vehículo ou certificado do fabricante ou de Industria respecto da data en que deixouse de fabricar o modelo en cuestión.

O petionario deberá xustificar, así mesmo, encontrarse o corrente do pago do Imposto mediante a exhibición dos recibos dos últimos catro exercicios, ou certificado equivalente.

Para poder obter a concesión das exencións a que se refiren as letras d) y f) do art. 94 da Lei 39/88, os interesados deberán solicitar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e causa do beneficio e acreditar, mediante a presentación da documentación en que consten, a realidade do alegado.

No caso da exención prevista no parágrafo segundo da letra d) do citado artigo 94, para obter o seu recoñecemento, os suxeitos pasivos ou os seus representantes deberán acreditar as características do vehículo, o seu destino e estar en posesión da correspondente licenza municipal como autoturismo especial para o transporte de persoas que utilicen cadeira de rodas a causa da súa minusvalía.



Luns, 30 de decembro de 2019

Núm. 248

A notificación na que se resolva a concesión do beneficio fiscal solicitado servirá de documento acreditativo da súa existencia.

#### *ARTÍCULO 6.*

A devolución das cotas trimestrais a que teña dereito o suxeito pasivo nos casos de baixa do vehículo deberá ser solicitada por este, e tramitarse conforme ás normas que rexen a devolución de ingresos indebidos.

#### *DISPOSICIÓN FINAL*

A presente Ordenanza Fiscal, que consta de seis artigos entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2020 e aplicarase en tanto non se acorde a súa derogación ou modificación.

Fornelos de Montes, 23 de decembro de 2019.

O alcalde

Emiliano Lage Rodríguez

